



PRESENTACIÓN DA ANPA DO ROU CURSO 22-23

Estimadas/os nais e pais do IES ROU de Vigo:

Vigo, 20 de setembro de 2022

Este curso 2022-2023 pasamos de 9 persoas a 5 na directiva da Anpa. Os nosos fillos e fillas están cursando 2º, 3º e 4º da ESO e 2º de bacharelato. Polo que somos poucos e NON temos ningún integrante representando a 1º da ESO e 1º de bacharelato.

A presidenta seguirá sendo Ana Pérez (por estatutos os cargos son por 2 anos) e na Asamblea Xeral que terá lugar o **6 de Outubro de 2022** presentarase, igual que o resto de integrantes, e esperamos ese día poder incorporar algún membro máis.

Gustaríanos ademais de presentarnos explicar a finalidade da Anpa para que todos/as teñamos presente que nos pode axudar como vehículo de comunicación entre as familias e a directiva do centro educativo.

A Anpa ten un representante directo no Consello escolar, Mª Sol Montenegro, ela trasladará todas as inquedanzas, dúbidas, suxestións que se lle indiquen ó colectivo docente e a dirección do centro. Algunhas problemáticas e ideas xa se nos trasladaron, pero tede presente que en calquera momento podeades enviar un correo onde expliquedes a vosa proposta ou necesidade e un teléfono de contacto, para poñernos en contacto con vós e falar de como e cando trasladalo.

Ademais do Consello escolar, o equipo directivo expresounos o seu desexo de que formemos unha comunidade educativa unida e que podemos trasladar en calquera momento dúbidas, propostas, dificultades detectadas e que trataremos de darlle solución conxunta. Polo que novamente dicirvos que a través do mail da Anpa ou do WhatsApp se vos resulta máis fácil, podeades facernos chegar o que precisedes.

A xestión e proposta de actividades extraescolares é outra das facetas da Anpa. Durante o curso pasado xestionamos a actividade de piscina en colaboración co Concello e este ano proporase de novo. Tamén xestionamos a actividade de surf en familia, que seguirá ofertándose dende outubro e mentras o tempo o permite e de novo en primavera. Imos tratar de propoñer outras que xa nos comentaron que poderían ser do interese dos alumnos/as e das que vos daremos cumprida información. Por suposto a través do mail ou WhatsApp tamén podeades propoñernos actividades.

A colaboración co equipo docente é una prioridade desta Anpa porque queremos formar unha comunidade educativa unida e comprometida polo que estaremos á súa disposición para colaborar en festas e excursións/ intercambios/saídas Que puidesen facerse.

Outra función importante da Anpa é a de servir de intermediario entre as necesidades detectadas no centro ou na contorna que poidan repercutir na educación das nosas e dos nosos fillas/os e as distintas administracións responsables das mesmas. Un exemplo é que a Anpa do ROU está colaborando con outras Anpas e colectivos de Teis para conseguir o compromiso do Concello para a posta en marcha da Biblioteca Pública de Teis.

Ás 76 familias actualmente socias da Anpa, Grazas pola vosa confianza.

As demais familias do centro, podeades facernos chegar as inquedanzas ou propostas que desexedes a través das canles anteriormente citadas, e animádevos a participar e facédevos socios da Anpa, todos e todas xuntas imos seguir facendo ó noso instituto cada vez un pouco máis grande.